

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE - SERVIZO GALEGO DE SAÚDE- E O CONCELLO DE ARBO SOBRE ASUNCIÓN DOS CUSTOS DE MANTEMENTO DO CENTRO DE SAÚDE DE ARBO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

1. Que o Servizo Galego de Saúde formalizou co concello de Arbo o instrumento convencional arriba referido, que entrará en vigor tras a súa sinatura e estará vixente ata que se formalice a cesión en escritura pública, sen que en ningún momento o período de vixencia poda superar o límite de oito anos establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, incluída a súa prórroga.

2. Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- establecer as bases de colaboración entre o Concello de Arbo e o Servizo Galego de Saúde para a cesión da propiedade do centro de saúde de Arbo, do que é titular o dito concello, ao Servizo Galego de Saúde e para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos de mantemento do mesmo.

3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

4. Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- Con data 20 de xaneiro de 2006, formalizouse o Acordo entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) polo que se establece o contido e desenvolvemento do pacto local que rexerá na Comunidade Autónoma de Galicia.

- O acordo recolle unha serie de actuacións entre as que se atopa a asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde, actualmente a cargo dos concellos. O proceso de asunción será, en calquera caso, voluntario para os concellos e formalizarase a través dos convenios que se asinarán con cada un deles.

- Na reunión da comisión mixta paritaria entre a Consellería de Sanidade e a FEGAMP do día 24 de setembro de 2008, aprobouse o Protocolo entre a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde- e a FEGAMP sobre a asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde e distribuíronse os centros de saúde de titularidade municipal en 4 grupos de acordo coa dispoñibilidade de cesión da dita titularidade. O protocolo foi finalmente asinado con data 29 de decembro de 2008.

- No Acta nº 2 da Comisión Mixta entre a Consellería de Sanidade e a FEGAMP prevista na disposición adicional quinta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, do 27 de xullo de 2016, se recollen 29 centros dos que se acorda iniciar os trámites para a súa cesión ao Servizo Galego de Saúde.

5. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014*, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

